IV CROSS CONCELLO DA POBRA

CAMPIONATO DE GALICIA DE VETERANOS/AS DE CAMPO A TRAVÉS

A Asociación de Atletismo e Deportes do Barbanza e o Excmo. Concello da Pobra do Caramiñal, organizan xunto coa Federación Galega de o **DOMINGO 15 DE FEBREIRO DE 2015** no circuíto da Praia de Cabío da Pobra do Caramiñal, o **IV CROSS CONCELLO DA POBRA**. Conxuntamente realízase o **CAMPIONATO DE GALICIA DE VETERANOS/AS DE CAMPO A TRAVÉS** . As probas estarán baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices e segundo o seguinte:

REGULAMENTO

1. No IV Cross Concello da Pobra poderán participar todos/as os/as atletas federados/as ou non das seguintes categorías (homes e mulleres):

- **Junior (1996-1997)**
- **Promesa (1993-1994-1995)**
- **Senior (1992 e Anteriores)**
- **Veterano A (35-39 Anos)**
- **Veterano B (40-44 Anos)**
- **Veterano C (45 Anos En Diante)**
- **Veterana A (35-44 Anos)**
- **Veterana B (45 Anos En Diante)**

2. Para o Campionato de Galicia de veteranos/as de campo a través tomaranse como referencia as categorías publicadas na circular do campeonato **http://www.atletismogalego.org/CIRCULARES/Circular%2010-2015.pdf**.

3. DISTANCIAS E HORARIOS

CAMPEONATO DE GALICIA DE VETERANOS/AS DE CAMPO A TRAVÉS			
HORA	**CATEGORÍA**	**SEXO**	**DISTANCIA**
11:00	**VETERANA M 35 (35 ANOS EN DIANTE)**	**Mulleres**	**5300 m aprox**
11:35	**VETERANOS (M35 - M40)**	**Homes**	**7300 m aprox**
12:00	**VETERANOS (M45 E SEGUINTES)**	**Homes**	**5300 m aprox**
IV CROSS CONCELLO DA POBRA			
12:50	**JUNIOR – PROMESA – SENIOR e VETERANOS/AS**	Homes e mulleres	**7300 m aprox**
13:45	**ENTREGA DE PREMIOS**		

4. As inscricións das categorías do **IV Cross Concello da Pobra** realizaranse a través da web **www.carreirasgalegas.com** con prazo de inscrición ata o ***mércores 11 de febreiro de 2015 ás 22 horas***. **O prezo desta inscrición será de 5 € (para atletas non federados/as).**

   Aqueles atletas federados que desexen participar na proba popular federada a inscrición será gratuita, debéndose identificar obrigatoriamente coa súa liceza federativa (En caso de non cumplimentar os requisitos a inscrición non será efectiva).

5. As inscricións no Campionato de Galicia de Veteranos/as realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (**https://isis.rfea.es/sirfea2/**) ata as 20:00 horas do martes 10 de febrero.

6. PREMIOS E TROFEOS DO IV CROSS CONCELLO DA POBRA

Haberá trofeos para os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no presente regulamento.

7. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo coa normativa FGA e RFEA en vigor.